

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 22 DE XANEIRO DE 2018

### Lista de asistentes

#### Presidenta

Reboreda Morillo, Susana (*coordinadora de calidade*)

#### Secretaria e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

#### Coordinadores de Mestrado

Pérez Losada Fermín

*Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural*

Comendador Rey, Beatriz

*Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad*

#### PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (*colaborador de calidade*)

#### Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria (*3º ciclo*)

#### Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa M<sup>a</sup>

#### Desculpan a súa ausencia

#### Estudantes egresados

Marta López López

#### Membros da sociedade

Garrido Labrador, Begoña

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o luns 22 de xaneiro de 2018, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Validación, se procede, do informe provisional emitido pola ACSUG para o Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

**1. Validación, se procede, do informe provisional emitido pola ACSUG para o Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

A coordinadora de Calidade lembra aos membros da Comisión que o informe de seguimento do curso 2015-2016 do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural foi supervisado pola ACSUG quen remitiu o informe, coa valoración de Conforme, que se axuntou na convocatoria da presente reunión. Ademais a vista do contido do informe, realiza a proposta de non presentar alegacións porque opina que as consideracións que se contemplan están en consonancia coas circunstancias do mencionado título.

A coordinadora de Calidade explica aos membros da Comisión que é unha boa situación de saída para a inminente proceso de certificación que vai a pasar neste presente curso este título.

Apróbase por asentimento, non presentar alegacións ao informe provisional emitido pola ACSUG.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 h do día 22 de xaneiro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba